



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO - ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (SERVIZO DE CULTURA)

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO - ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (SERVIZO DE CULTURA) NO PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2025.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Cultura, Patrimonio Histórico - Artístico e Normalización Lingüística (Servizo de Cultura) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no primeiro e segundo trimestre do ano 2025.

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación orzamentaria	Importe	Órgano de Aprobación
Ayuntamiento de Vilalba	P2706500B	Nominativa	Aportación Conservatorios	3240.46200	15.000 €	Presidencia
Ayuntamiento de Viveiro	P2706700H	Nominativa	Aportación Conservatorios	3240.46200	15.000 €	Presidencia
Ayuntamiento de Puebla de Brollón	P2704700J	Nominativa	Gastos da Escola Municipal de Música, Danza e Artes Escénicas Samoeiro	3340.46200	8.000 €	Presidencia
Asoc. Sociocultural Mariña Patrimonio	G27383363	Nominativa	Charlas, Xornadas e Actividades	3340.48900	6.000 €	Presidencia
Asoc de Desarrollo Rural Serra do Caurel	G27237494	Nominativa	Courel Son	3340.48900	3.500 €	Presidencia
Asoc. Comerciantes, Industriales, Servicios y Autónomos de Ribadeo (ACISA)	G27118579	Excepcional	Ribadeo Indiano 2025	3340.48911	23.000 €	Xunta de Goberno

Lugo, 23 de xullo de 2025.- O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero. V.º B.º, O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 25-06-2025, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 2146

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Aprobado definitivamente polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2025, o inventario de vías e camiños municipais, se fai público para xeral coñecemento e efectos. Contra este acordo que pon fin á vía administrativa se poderá interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo no prazo dun mes, a contar dende a súa publicación, ante o Pleno do Concello, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous

meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Todo elo sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Begonte, 21 de xullo de 2025.- O Alcalde – Presidente, José Ulla Rocha.

R. 2118

CASTRO DE REI

Anuncio

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, alcalde do Concello de Castro de Rei, someto a exposición pública o acordo adoptado polo Pleno da Corporación de data 18 de xullo de 2025:

“MODIFICACIÓN DO ANEXO DE PERSOAL DE ORZAMENTOS DO CONCELLO DE CASTRO DE REI 2025.

Amortización da praza de alguacil-portera e Creación da praza de auxiliar administrativo do concello de Castro de Rei.

No concello de Castro de Rei consta no seu Cadro de persoal, que acompaña o orzamento municipal para o ano 2024, publicada a súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de 3 de setembro de 2024, en relación cos postos de traballo reservados a funcionarios de carreira, escala de administración xeral, en concreto alguacil-portera e dous postos de auxiliares administrativos.

O posto de alguacil-portera pertence ao Grupo A.P (E), nivel de Complemento de Destino 14 e os dous postos de auxiliar administrativo pertencen ao Grupo C2, cun nivel de complemento de destino 18.

Actualmente o posto de alguacil-portera está vacante e considérase que esta praza está obsoleta na actual situación da entidade local que cada vez conta con máis medios informáticos para facer as funcións propias da citada praza, polo que se pretende a súa amortización.

A creación da praza de auxiliar administrativo responde a unha necesidade estrutural e permanente da Administración, que debería estar incluída dentro dun posto de traballo fixo a través dunha praza cuberta cos requisitos legais establecidos no artigo 23 da Constitución Española de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público.

Esta praza será do Grupo C2, nivel de complemento de destino 18 e o complemento específico o mesmo que na actualidade teñen os outros dous postos de auxiliar administrativo existentes.

As funcións que se van a desempeñar coa nova praza serán as seguintes:

- Rexistro xeral de documentos.
- Xestión do correo municipal.
- Xestión documental no seu eido funcional.
- Tramitación de subvencións.
- Asistencia administrativa á Alcaldía e Secretaría.
- Asistencia e información ao cidadán.

Dándose todos estes requisitos, con ocasión da aprobación do orzamento anual, existe a posibilidade da creación da praza e do posto de traballo, que poderá ser incluída na oferta de emprego público e polo tanto configurar un Anexo de Persoal que acompañe aos orzamentos municipais 2025.”

Con base no anterior e á vista dos documentos obrantes no expediente o Pleno do Concello de Castro de Rei acordou:

“Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de Persoal do Orzamento municipal do Concello de Castro de Rei publicada a súa aprobación definitiva no BOP de Lugo de 3 de setembro de 2024, en relación ao Anexo Funcionarios I:

1.1.-Para a amortización da praza de alguacil-porteira.

1.2.-A creación dun posto de auxiliar administrativo coas seguintes retribucións:

Soldo a 14 mensualidades:10.073,72€, CD a 14 mensualidades: 6.645,66€, CE a 14 mensualidades: 20.903,96€

Segundo: Aprobada inicialmente procede a publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios para alegacións por prazo de 15 días hábiles, a efectos de presentación de reclamación polos interesados.

Terceiro: Considerar elevado a definitivo este acordo no caso de que non se presente ninguna reclamación.

Cuarto: Unha vez aprobada a plantilla remitir copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de 30 días sen prexuízo da súa publicación no boletín oficial da provincia xunto co resumo de orzamento.”

Castro de Rei, 21 de xullo de 2025.- O alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 2120

O CORGO

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 4/2025, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de cento dezaseis mil catrocentos oitenta e tres euros con vinte céntimos (116.483,20 €), terceiro de competencia do Pleno, polo acordo adoptado en sesión celebrada o dezanove de xuño de dous mil vinte e cinco, de acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTES</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.509.954,55.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	1.701.245,52.-
3.- Gastos financeiros.....	5.042,90.-
4.- Transferencias correntes.....	112.760,00.-
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	0,00.-
6.- Investimentos reais.....	1.193.279,84.-
7.- Transferencias de capital.....	30.500,00.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	4.552.782,81.-

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Corgo, 21 de xullo de 2025.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 2121

A FONSAGRADA

Anuncio

Procedemento: Aprobación dun Padrón Fiscal

Expediente número: 821/2025

Aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de xuño do 2025

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 18 de xullo de 2025, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de xuño de 2025, polo importe total de 12.255 € (dependencia) e 519,20 € (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 18 de xullo de 2025.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 2122

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

CONVOCATORIA PARA CREACIÓN BOLSA PROVISIÓN INTERINA DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo do 2025 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte

da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 17 de xullo de 2025.- O ALCALDE, P.D. a 1ª Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2123

MONTERROSO

Anuncio

Por decreto de Alcaldía de data 21/07/2025 aprobouse a ampliación da bolsa de emprego como persoal laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar para o Concello de Monterroso, ditas bases foron aprobadas por decreto de 28 de agosto de 2024.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No Rexistro Xeral deste Concello (presencial ou electrónico) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco días (05) hábiles contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Lugo

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 21 de xullo de 2025.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 2132

Anuncio

Por decreto de Alcaldía de data 21/07/2025 aprobouse a ampliación da bolsa de emprego como persoal laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar para o Concello de Monterroso, ditas bases foron aprobadas por decreto de 15 de xullo de 2024.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No Rexistro Xeral deste Concello (presencial ou electrónico) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco días (05) hábiles contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Lugo

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 21 de xullo de 2025.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 2133

Anuncio

Por decreto de Alcaldía de data 21/07/2025 aprobouse a ampliación da bolsa de emprego como persoal laboral temporal de auxiliares de axuda no fogar para o Concello de Monterroso, ditas bases foron aprobadas por decreto de 14 de xuño de 2024.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No Rexistro Xeral deste Concello (presencial ou electrónico) ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco días (05) hábiles contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Lugo

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do concello <https://monterroso.sedelectronica.es/info.0>

Monterroso, 21 de xullo de 2025.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 2147

XOVE

Anuncio

Resolución de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para o ingreso como persoal laboral fixo dunha (1) praza de persoal de limpeza viaria como persoal laboral fixo a tempo completo recollida na OEP 2023 do concello de Xove (BOP nº 197 de 28.08.2023) para a súa cobertura definitiva polo sistema concurso-oposición libre.

Logo de aprobar por Resolución de Alcaldía núm. 2025/1361 de data 21.07.2025 a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria para o proceso selectivo excepcional para o ingreso como persoal laboral fixo dunha (1) praza de persoal de limpeza viaria como persoal laboral fixo a tempo completo recollida na OEP 2023 do concello de Xove (BOP nº 197 de 28.08.2023) para a súa cobertura definitiva polo sistema concurso-oposición libre, co seguinte alcance:

<u>ADMITIDOS/AS</u>	<u>DNI</u>
Manuel Vilar Otero	****211**
María Noelia Pinar Rodríguez	****623**

Así mesmo, mediante a citada Resolución, aprobouse convocar aos membros do órgano de selección aos efectos da súa constitución ás 12:00 horas do día 20 de agosto de 2025, así como, no seu caso a baremación dos méritos aportados polos aspirantes, convocando aos aspirantes o día 10 de setembro de 2025 no salón de plenos de Xove co fin de celebrar a proba da fase de oposición.

Toda esta información estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello.

Xove, 21 de xullo de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2124

VILALBA

Anuncio

Procedemento: Convocatoria e selección de funcionario de carreira

Número de expediente: 1399/2024

Publicación do nomeamento de persoal funcionario de carreira na escala de Administración Xeral, subescala xestión, Grupo A, Subgrupo A2,

Á vista das bases e convocatoria de selección publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número BOP de Lugo número 246 - 24 outubro 2024, así como o anuncio da convocatoria tamén publicada no DOGA Núm. 12 Luns, 20 de xaneiro de 2025, e no BOE Núm. 54 Martes 4 de marzo de 2025; co obxecto da selección e provisión dunha praza /posto de técnico de xestión, como funcionario de carreira, por sistema de oposición, promoción interna, encadrada na escala de Administración Xeral, subescala xestión, Grupo A, Subgrupo A2.

Vista a Acta do tribunal de selección de data 17 de xullo do 2025, onde se propón o nomeamento e formalización da toma de posesión do seguinte candidato:

ASPIRANTE	DNI
Mauro Chico Carballas	***3309**

Visto que o interesado presentou en prazo a documentación esixida na convocatoria mediante rexistro de entrada rexistro de entrada 2025-E-RE-3217, relacionado coa instancia anterior con código 2021-E-RC-52694.

En virtude do anterior, e de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 32 e seguintes do Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección e uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito do Concello de Vilalba, publicado no Boletín Oficial da Provincia número número 73 de data do do 29 marzo do 2023; con data do 23 de xullo e decreto 2025-0808, a alcaldía da Corporación resolveu nomear a Don Mauro Chico Carballas coma funcionario de carreira nunha praza adscrita na escala de Administración Xeral, subescala xestión, Grupo A, Subgrupo A2,

A fin de dar cumprimento ao establecido no punto décimo segundo das bases específicas da convocatoria, a persoa interesada deberá tomar posesión do cargo no prazo trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación do seu nomeamento , e en todo caso dende o día seguinte a da publicación do presente anuncio no BOP, se non tomase posesión no prazo indicado, sen causa xustificada, entenderase que renuncia á praza e ao nomeamento efectuado.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa) , no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Si optásese por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Vilalba, 23 de xullo de 2025.- A alcaldesa, dona Marta María Rouco Seoane.

R. 2162

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía número 810-2025 de data 23/07/2025 aprobou as bases e a nova convocatoria do proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de oficial xardineiro , coa creación de listaxe de agarda. É a que se transcribe no seu tenor literal:

Procedemento: Convocatoria e selección de persoal laboral temporal

Número de expediente: 2893/2025

Bases polas que se establecen as normas para a selección de 2 oficiais de Xardinería (coa creación de listaxe de agarda), ao abeiro das actuacións no Paseo Fluvial e Área Recreativa con cargo á Convocatoria do Fondo de Compensación Ambiental 2025.

CADRO RESUMO DAS BASES DE REXEN A CONVOCATORIA			
OBXECTO DAS BASES	Selección de 2 oficiais de xardinería e creación de listaxe de agarda.		
RELACIÓN XURÍDICA	Laboral Temporal		
XORNADA E DURACIÓN LA RELACIÓN XURÍDICA	Cada contratación terá unha duración de 3 meses, debendo finalizar antes do 24 de outubro do 2025 (data finalización da bolsa).		
CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS	Denominación da praza: grupo e escala de encadramento		
	- 2 oficiais xardineiros: Grupo IV ou subgrupo C2.		
RETRIBUCIÓNS OFICIAIS XARDINERÍA	Soldo	Prorratio pagas extraordinarias	Total
	1.533,36 €	255,92€	1.848,49 €

1. OBXECTO, RÉXIME XURÍDICO E SISTEMA DA CONVOCATORIA

A modalidade do contrato é a de eventual por circunstancias da produción, regulada polo artigo 15 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

O carácter do contrato é temporal e a duración será de 3 meses a partir da súa formulación e en réxime de dedicación a tempo completo (37,5 horas semanais).

A xornada será completa nos termos do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Vilalba - BOP 31/12/2018. O horario de traballo será por quendas de mañá e tarde, establecéndose turnos rotatorios cada semana, segundo o seguinte horario:

Quendas de mañá: De 7:45 a 15:00 horas.

Quendas de tarde: De 14 a 21:15 horas.

O sistema de acceso será o de Concurso-Oposición Libre.

Funcións do oficial xardineiro: Manexo de maquinaria especializada de xardinería, tales coma cortasetos, desborzadoras, cortacésped e maquinaria semellante, plantación de árbores, flores e rega.

2. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES

Os aspirantes deberán manifestar na solicitude que, na data de remate do prazo de presentación de instancias que reúnen e poden acreditar os requisitos que sinala o artigo 50 da LEPG, en relación co artigo 56.1 do TREBEP. Os citados requisitos son os que seguen:

- Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da LEPG, permita o acceso ao emprego público;
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas;
- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada;
- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- Será necesario estar en posesión do título de EXB ou ESO.

Así mesmo, o aspirante que resulte proposto para nomeamento logo da superación das probas selectivas, debe cumprir no momento do nomeamento, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

O exposto implica que os aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade unha vez que o Tribunal formalice a toma de posesión. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello, os aspirantes seleccionados comprométense a renunciar á mencionada actividade.

3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo I destas bases e que tamén se facilitará no Concello.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral Electrónico do Concello ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación será de 5 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen. Os méritos relacionados acreditaranse conforme se establece na base 4.2.

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a lista provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas, dita resolución publicárase na Sede Electrónica da Corporación, así como no Taboleiro de anuncios do Concello. En caso de que existan exclusións, a Corporación indicará a causa de exclusión e concedendo un prazo de 3 días (tres) naturais para que se poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión.

Contra a resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma na Sede Electrónica ou no taboleiro de anuncios do Concello. Por outra banda, os interesados tamén poderán formular un recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso Administrativo no prazo de 2 meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de calquera outro que estime pertinente.

O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

4. DOCUMENTACIÓN QUE O ASPIRANTE DEBE ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE

Con anterioridade a realizar unha relación comprensiva da documentación que os aspirantes deben entregar de forma preceptiva na súa solicitude, é preciso indicar, a efectos dun procedemento máis garantista cos interesados que: a solicitude debe presentarse no prazo indicado nestas Bases, non sendo emendable e quedando excluídos definitivamente os que non presentasen a correspondente solicitude en prazo.

4.1) Fotocopia do DNI ou pasaporte

Ademais, os aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.

4.2) Copia da titulación esixida.

A copia de titulación esixida será suficiente coa copia simple, en tanto os aspirantes seleccionados deberán presentar a copia cotexada ou orixinal, segundo o disposto no punto décimo das presentes bases de selección.

4.3) Copia do Celga ou certificado equivalente acreditativo do coñecemento da lingua galega. Os aspirantes que non o posúan deberán examinarse da proba de galego.

4.4) Méritos debidamente acreditados.

4.3.1 Experiencia laboral.

Para puntuar a experiencia laboral deberá presentarse obrigatoriamente o informe de vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Os servizos prestados nas administracións públicas e organismos dependente destas, acreditarase mediante certificacións de servizos prestados, expedidas polo organismo oficial no que se prestaron, especificando a praza, posto ou emprego desempeñado, o tempo de prestación do servizo. En ausencia da devandita certificación poderá acreditarse mediante contratos, tomas de posesión ou/e nóminas.

Os servizos prestados en Entidades privadas acreditaranse mediante contrato de traballo inscrito no SEPE (Servizo Público de Emprego Estatal) ou nóminas nos que se acredite o emprego desempeñado.

Se os servizos se prestaron neste Concello os aspirantes deberán solicitar, na mesma instancia á de participación no proceso selectivo, certificación que acredite ditos servizos. A instancia irá dirixida ao Sra. Alcaldesa- Presidenta do Concello e presentarse no Rexistro Xeral desta Entidade dentro do prazo de presentación fixado na convocatoria. As certificacións serán incorporadas directamente ao expediente, entregándose copia ao interesado se así o solicitase.

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

4.3.2 Acreditación de coñecemento da lingua galega (Celga)

1. Oficial Xardineiro: A documentación citada neste punto deberá acreditarse de conformidade coa a Instrución para a aplicación da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), en relación coa validación de estudos polos ditos certificados, e da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, en relación coa exención da materia de lingua galega, a partir da implantación das ensinanzas de formación profesional básica e do Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) establecidas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE). No caso de non acreditar o Celga 2 ou superior os aspirantes que superen o proceso terán que pasar unha proba de galego co nivel de Celga 2.

5. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

5.1) Composición

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do TREBEP e estará integrado por 5 membros: Un presidente, tres vogais e un secretario que haberán de cumprir os requisitos sinalados na citada normativa.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarse por resolución da Sra. Alcaldesa- Presidenta, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso o posto que se convoca.

A composición do Tribunal publicarse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Vilalba, a máis tardar coa aprobación da listaxe definitiva de aspirantes admitidos.

5.2) Asistencia ó Tribunal

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento dos diferentes exercicios.

6. FASE DE OPOSICIÓN

Debido ó carácter urxente e a necesidade da selección rápida de empregados, os exercicios desta fase realizaranse nun único chamamento e de forma continuada o un do outro.

6.1 Fase de oposición para oficiais xardineiros.

A fase de oposición terá unha puntuación máxima de 16 puntos, e consistirá nas seguintes probas:

6.1.1. Proba práctica que versará sobre as materias comprendidas no Anexo II.

De carácter práctico, consistirá na realización dunha proba práctica sobre calquera dos traballos a realizar. O tempo máximo destinado a esta parte da proba será de 15 minutos por cada aspirante. A proba será proposta polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e versará sobre os contidos das materias comprendidas no temario que se adxunta a esta convocatoria. Esta parte será cualificada de 0 a 16 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 8 puntos para superala. A puntuación calcularase de acordo cos seguintes criterios: Destreza na proba, medidas de seguridade adoptadas para o traballo, e rendemento na execución da mesma.

Finalizada a fase I de oposición o Tribunal Calificador fará pública o resultado das cualificacións dos aspirantes da fase I de oposición. Coa consideración de apto e non apto.

6.1.2. Apartado 2: Proba de Galego

O artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece no seu tenor literal o que segue: “...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente...”.

En cumprimento do sinalado a proba de galego consistirá na tradución nun tempo máximo de 30 minutos dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán. Para superar a proba é necesario obter o resultado de apto. Este exercicio é de carácter obrigatorio e eliminatorio. Unicamente poderán realizar este exercicio os que superasen o primeiro da fase de oposición.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír os certificados Celga, ou ben títulos equivalentes.

7. FASE DE CONCURSO

7.1 Fase de concurso para oficiais xardineiros.

A fase de concurso terá unha puntuación máxima de 10 puntos. Valorarase en atención ó seguinte:

7.1.1. Experiencia profesional (máximo 8 puntos):

1. Por servizos prestados na Administración Local como peón de xardinería, peón agrícola, peón forestal ou equivalente nos últimos 15 anos: 0,10 puntos por mes completo de servizos.
2. Por servizos prestados noutras Administracións Públicas como peón de xardinería, peón agrícola, peón forestal ou equivalente nos últimos 15 anos: 0,08 puntos por mes completo de servizos.
3. Por servizos prestados como autónomo nos epígrafes 911 e/ou no 912 do IAE, no últimos 15 anos: 0,075 puntos por mes completo de servizos.
4. Por servizos prestados en empresas como peón de xardinería, peón agrícola, peón forestal ou equivalente nos últimos 15 anos: 0,07 puntos por mes completo de servizos.

